

1 Implantación de sistemas ERP

Índice

1.1 Sumario


- 1 Implantación dun sistema Odoo
- 2 Importación de datos
- 3 Creación de funcións
- 4 Creación de informes

1.2 Implantación dun sistema Odoo

Vamos realizar a implantación nunha empresa que xa está funcionando e quere mudar o seu sistema a Odoo. Temos que crear a nova base de datos, instalar os módulos de localización e traspasar os datos do sistema antigo ao novo.

Para a instalación manual de módulos vamos utilizar [git](#)

- En Odoo, creamos unha base de datos para a empresa *Nova Galaxia SW*.



- Mudamos o logotipo, datos da compañía, habilitamos as características técnicas do administrador, actualizamos a lista de módulos locais, e instalamos o módulo base de AEAT. É posible que teñamos que instalar antes o módulo *unidecode* de Python da seguinte forma:

```
git clone https://www.tablix.org/~avian/git/unidecode.git
cd unidecode
python setup.py install
python setup.py test
```

- Instalamos outros módulos de localización: topónimos españois, AEAT modelo 130, *I10n_es*, *I10n_es_partner*, etc.



Exemplo de utilización de *I10n_es_partner*

- Instalamos os módulos de rede social, caderno de enderezos, CRM, xestión de almacén, xestión de compras, xestión de vendas, contabilidade e finanzas, recursos humanos (*directorio de empleados*) e *website*.

1.3 Importación de datos


Supoñemos que exportamos os datos dos socios do sistema antigo a un ficheiro CSV: [Datos Empresas](#).

Queremos dar de alta eses socios importando os datos do CSV:

- En primeiro lugar é preciso instalarmos o módulo *base_import*.
- En *Mensajería*, *Contactos*, habilitamos a vista de árbore (Vista Lista) e facemos clic en *Importar*.
- Escollemos o ficheiro CSV cos datos dos socios. Separador: punto e coma. Como o nome das columnas non coincide cos de *res.partner*, temos que escribilo un a un: *Name*, *Trade name*, *Street*, *City*, *State*, *Zip*, *Phone*, *Fax*, *Email*, *Country*, *Supplier*, *Customer*, *Website*, *Is a Company*. A primeira, *Codigo*, é un *Id. externo* sen correspondencia na nova BD.




- Se estamos a tentar dar importar os datos correspondentes a unha provincia que non existe na BD, temos que creala manualmente.




- Como alternativa, poderíamos modificar o nome das columnas no ficheiro CSV antes de importar. En calquera caso, este é o resultado:




- Da mesma forma, importamos os produtos desde outro CSV: **Datos Productos**. Podemos atopar erros como os da imaxe: as categorías, a empresa e a unidade de medida non coinciden cos datos da BD:



- En **Almacén**, **Configuración**, **Productos**, creamos as categorías de produto **CD-R** e **MP4**. Por outra parte, editamos con LibreOffice o CSV (escoller conxunto de caracteres Unicode UTF-8) para pór o nome da nosa empresa e as unidades de medida **kg** (minúsculas e sen o punto).
- Primeiro gardamos como ODF e despois como CSV para que apareza a seguinte cadro e poder especificar a codificación UTF-8 e o separador "punto e coma".




- Cambiamos os nomes das columnas: **Name**, **Internal Category**, **Description**, **Costing Method**, **Cost Price**, **Sale Price**, **Can be Purchased**, **Can be Sold**, **Product Type**, **Company**, **Purchase Unit of Measure**, **Unit of Measure**.
- No resultado final vemos dous produtos en vez de tres, o que falta estaba marcado como *non pode ser vendido* pero si que aparece no listado cando tentamos compralo:




1.4 Creación de función

Pidenos crear unha función (tamén coñecidas como *procedementos almacenados*) que devolva a información sobre a cidade, provincia e país de cada socio, toda xunta nunha mesma cela.


- En pgAdmin, creamos unha vista que mostre o nome da empresa, a cidade, a provincia e o país. Non podemos esquecer os alias das columnas. Chamámoslle *Vista Cidade-Provincia-Pais*.



- O seguinte paso é crear a función. Chamámoslle *info_lugar*



- En *Definição*, *Tipo de retorno*, escollemos o nome da vista.



- En *Opções* marcamos *Retorna conjunto* e en *Código* pegamos o mesmo código da vista.


- Executamos a función: `select info_lugar()`.




1.5 Creación de informes


Anteriormente realizamos unha práctica sobre a [edición de informes](#). Neste caso vamos crear un informe simple desde cero.

- Seguimos os pasos descritos na ligazón anterior para instalar e configurar o módulo *OpenOffice Report Designer*.
- No Writer conectámonos á base de datos.







- Executamos *Open a new report* e escollemos *Partner*.




- Agora executamos *Add a loop* e escollemos *List of Partner*.




- Inserimos campos con *Add field*, por exemplo: nome, email e teléfono. É posible que a aplicación non responda durante algún tempo mentres recupera a lista de campos da BD.



- Gardamos o informe. Enviámolo ao servidor con *Send to server*.



- En Odo localizamos o informe e executámolo.





NovaGalaxiaSW - Ao infante e adin, outra vez!

Nova Galaxia SW
Rúa da Enseñaría, 12
15705 Santiago de Compostela
España

Phone: 0034 981 595 36 36
Mail: info@novagalaxiasw.gal

Empresa Empresa1
Email: info@empresa1.com
Teléfono: 9503475000

- En calquera momento podemos modificar o seu contido ou aspecto con *Modify existing report*.